

BASES DO CONCURSO DO ENTROIDO 2024

PRIMEIRA: Poderán participar tódalas persoas, grupos ou comparsas que formalicen a súa inscrición a través do rexistro electrónico, de forma presencial no rexistro do Concello de Outes ou enviando a folla de inscrición ao correo animacion@outes.gal ata o día 12 de febreiro, ou o mesmo día (14 de febreiro), ata media hora antes do inicio, no pavillón polideportivo da Serra de Outes.

SEGUNDA: Os participantes poderán inscribirse nalgunha das catro modalidades seguintes:

1. **INFANTIL:** 1-2 nenos/as de ata 12 anos
2. **INDIVIDUAL:** 1-2 persoas sen límite de idade
3. **GRUPO:** cun mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas
4. **COMPARSA:** formada por 9 ou máis persoas.

TERCEIRA: O xurado estará composto por cinco persoas designadas polo Concello.

A cualificación dos disfraces e comparsas terá lugar a partir das 17:00h no pavillón polideportivo e o xurado avaliará a orixinalidade dos disfraces, o carácter humorístico, o grao de elaboración, a escenificación e animación da representación, sendo este último punto tamén avaliado durante o percorrido do desfile.

Para a válida constitución do xurado será precisa a presenza de alomenos 4 dos seus membros e os acordos tomaránse por maioría simple dos presentes.

A decisión do xurado será definitiva e inapelable e as súas deliberacións secretas. Se o consideráse axeitado, o xurado poderá declarar deserto algún ou algúns dos premios.

Concello de Outes

CUARTA: Os premios concederánselles aos primeiros clasificados de cada categoría de acordo coa seguinte táboa:

	INFANTIL	INDIVIDUAL	GRUPO	COMPARSA
1º clasificado	60 €	230 €	400 €	800 €
2º clasificado	40 €	160 €	260 €	510 €
3º clasificado	30 €	60 €	120 €	240 €
4º clasificado	30 €			
5º clasificado	30 €			

QUINTA: Todos os concursantes cederán os seus dereitos de reprodución fotográfica ao Concello, co fin de incluír na súa publicidade as fotos que estime necesarias.

SEXTA: Queda estritamente prohibido o uso de calquera material perigoso que poña en risco a integridade de tódalas persoas presentes. De non respectar este apartado o participante será descalificado automaticamente.

SÉPTIMA: O Concello de Outes poderá modificar a hora, o lugar e o sistema de clasificación se as condicións de seguridade así o requeren, así como suprimir as inscricións presenciais no mesmo día do concurso.

OITAVA: O feito de participar no concurso leva implícito a aceptación das presentes bases.

Outes, na data que figura á marxe;

O Alcalde,

D. Manuel González López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE